

Cuña Novás,
poeta da tebra

Por Anxo Tarrío Varela

Morreu antonte Manuel Cuña Novás, que nacera pontevedrés no ano 1926. Pertenceu, xa que logo, a esa xeración de homes e mulleres que ao estourar a guerra civil eran aínda nenos e cando rematou atoparon para a súa formación un país material e culturalmente asolado, sumido na miseria e na tristeza. Se alguén quere ter a imaxe física daquela fonda ferida da historia, que procure un retrato de Cuña Novás, puro patetismo romántico encarnado nunha figura enxoita e lóbrega; e se alguén quere achegarse ao que aquela barbarie supuxo para a esperanza e a luz do mundo, que lea o seu *Fabulario Novo*: así ha ter unha idea do desespero, do pesimismo e da desorientación en que quedou sulagada moita daquela xuventude.

Fabulario Novo é o único poemario que publicou Cuña Novás, e fíxoo hai agora corenta anos. As peripecias do libro, publicado naquela valente Colección "Benito Soto", que dirixiran en Pontevedra Sabino Torres e Celso Emilio, foron abondosas xa dende a súa saída do prelo, cunha tirada moi cativa que fixo del case unha xoia de bibliófilo e do que moitos só tivemos durante anos coñecemento do seu título e resonancias do seu misterio.

Sabiamos que Neruda e Aleixandre deixaran fonda pegada na súa elaboración; que unha visión telúrica atravesaba pesimista e apocalíptica, por veces, os seus versos e que o surrealismo, coas súas imaxes visionarias agora alumbradas na noite e na tebra existencialistas, era o que mellor podía definir aquel enigmático conxunto de poemas que escapaba á nosa mirada de mozos nados xa ben avanzada a posguerra.

Algún día, algures, moitos anos despois da data da súa publicación, vimos pasar fuxidamente o poemario polas nosas mans, sen nos dar tempo a ancorar un pouco na noite de anguria que levaba dentro, pero decatámonos de que detrás daqueles versos quedaba un ronsel de pombas mortas pimentelianas, un tempo feito cinza a desfacerse nas mans, que só Antón Tovar nos amosara, e unha dureza de pedra que só coñeciamos por Celso Emilio Ferreiro.

Certo que tamén soubo Cuña Novás achegarse á sutil cantiga de amigo medieval e á musa popular, e por aí entraba naquela noite unha airexa fresca e un algo de luz matinal da que debeu gustar moito Fermín Bouza Brey, autor das palabras prologais a quen andamos a recordar este ano, entre outras moitas cousas, por ter sido el, precisamente, un dos artífices máis cualificados de poesía neotrobadoril. Pero mesmo Don Fermín se decataba naquel prólogo de que "esa cantiga que quere ser leda (...) non move apenas o silencio percurado".

El , posible que Méndez Ferrín se inspirase neste compendio de morte, desesperanza e silencio nocturno para dar outro nome á chamada "Xeración dos cincuenta" ou das "Festas Minervais": "Xeración da Tebra", por máis que Cuña Novás, dada a súa idade, fose, respecto deles, un adiantado. En efecto, a lobreguez do *Fabulario Novo* todo o anega e o seu pesimismo patético é o marchamo que para sempre o definirá, pois se algún poeta das tebras houbo en Galicia ese foi, sen dúbida, Manuel Cuña Novás. Que acougue en paz.

El Correo Gallego, 19-maio-1992